

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

ACTIVIDADES
VERÁN 2012

ENRÉDATE
NA REDE!!!
MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMERA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR



OBRADOIROS

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

ENRÉDATE NA REDE

Os obradoiros pretenden dar unha visión global do museo e do proceso artístico en todos as súas fases e estadios, desde a realización das obras ata a exposición das mesmas nun museo pasando pola difusión do traballo realizado. Comenzarán cunha visita de iniciación para o coñecemento básico do Museo.

Inscripcións: Museo Provincial do Mar (descargue o formulario da web <http://www.museolugo.org>).

Os pais/nais ou titores deberán completar un formulario de inscrición e asinar un permiso de saída, xa que algún dos obradoiros desprazarémonos a outros museos da Rede. Así mesmo, como no transcurso dos obradoiros os participantes realizarán vídeos e fotografías que logo exhibirán nas canles dixitais das que dispón a Rede Museística, tamén é necesario que asinen unha autorización ao efecto.

Idades: de 4 a 15 anos.

Prazas: 40 que se cubrirán por orde de inscrición.

Horario: 11:00 a 14:00 horas

Datas de realización deste obradoiro

Nota aclaratoria: Este obradoiro concíbese como un proxecto único, periodizado en dúas xornadas. Os inscritos participarán en todas as fases xa que o gran obxectivo é dotar ao asistente dos máximos coñecementos e experiencias posibles no tocante ao funcionamento, xestión e divulgación da actividade dos museos.

17 de xullo

Centrarémonos nas *artes decorativas*, a *etnografía* e a *fotografía*, sempre en relación co museo e o seu entorno.

18 de xullo

Visitarannos os rapaces que están realizando a mesma actividade no Museo Provincial de Lugo cos que compartiremos a xornada.

CAMPAMENTO DE ARQUEOLOXÍA

Do 15 ao 17 de agosto: Nestes días realizaremos unha experiencia práctica consistente nunha escavación arqueolóxica. Impartido por Enrique Alcorta, arqueólogo do MPLugo.

21 de agosto

Viaxaremos ao Museo Etnográfico de San Paio de Narla, en Friol, para compartir a xornada cos rapaces e rapazas que participan nos obradoiros dos outros museos da Rede Museística da Deputación de Lugo. A actividade consiste na caracterización de época para a realización de diversos xogos por equipos de carácter competitivo que se inspiran en pasatempos medievais.

EXPOSICIÓNS

Fotografía a cegas. Exposición que amosa os traballos resultantes dunha experiencia pioneira na que participaron 7 persoas invidentes (Trinidad Canosa, Eladio Fernández, Antonio Fernández, Antonio López, Ángeles Miguélez, Manuel Paz Sánchez e Pilar Yáñez), a terapeuta Mercedes Cabada, os fotógrafos, Iago Eireos, Germán Limeres, Xosé Reigosa e Antonio López, e Henrique Lamas, autor da gravación que documenta a experiencia. Coordinou, Encarna Lago, xerente da Rede Museística.

Máis información:

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

Avenida da Mariña s/n
San Cibrao
27890 Cervo (Lugo)

Tfno.: 982 594 572
museodomar@museolugo.org
<http://www.museolugo.org>